

[Gal/Cast] Policía municipal de Tui espanca manifestante con minusvalía

ESCULCA :: 01/07/2013

La policía municipal de Tui apalea a un manifestante con minusvalía

Galego

A pasada terza feira, durante unha concentración nos Xulgados de Tui das plataformas de afectad@s polas preferentes en solidariedade con dous imputados por denuncias da policía local, axentes municipais espancaron un manifestante minusválido, afirma Xulio Vicente. Xulio Vicente está acusado de chamar "gorilas" aos axentes por actuacións anteriores.

"O meu é pouca cousa comparado co que lle fixeron a un compañeiro, circunstancia que coñecín ao saír da declaración. Un home que ten unha minusvalía psíquica dun 63 por cento por culpa dun accidente de coche e que logo inverteu toda a indemnización en preferentes pediu entrar no xulgado para facer as súas necesidades, impedíronllo e entón foi facelas a unha esquina, onde foi interceptado por policía locais que mallaron nel", relata. "Este feito non fai senón confirmar que o alcalde deu ordes directas á policía de ir con todos os medios contra a plataforma de afectad@s polas preferentes, buscando así que deixemos de protestar, pero eu sei que non o vou facer", engade.

Vicente foi denunciado por chamar "gorila" a un garda local. "Supoño que isto quedará en nada posto que o fiscal pediu a miña absolución. Eu só falei dos 'gorilas que ten o alcalde ao seu servizo' e a partir de aí que pensen o que queiran, pero quen mire no dicionario verá que 'gorila' tamén alude a un garda de seguridade", comenta. A acusación pide unha multa por desacato de entre 200 e 2.000 euros. Tamén foi denunciado outro preferentista que se atopa en tratamento psicolóxico.

Castellano

El pasado martes, durante una concentración en los Juzgados de Tui de las plataformas de afectad@s por las preferentes en solidaridad con dos imputados por denuncias de la policía local, agentes municipales agredieron a un manifestante minusválido, afirma Julio Vicente. Julio Vicente está acusado de llamar "gorilas" a los agentes por actuaciones anteriores.

"Lo mío es poca cosa comparando con lo que le hicieron a un compañero, circunstancia que conocí al salir de la declaración. Un hombre que tiene una minusvalía psíquica de un 63 por ciento por culpa de un accidente de coche y que luego invirtió toda la indemnización en preferentes pidió entrar en el juzgado para hacer sus necesidades, impidiéndoselo y tuvo que hacerlas en una esquina, donde fue interceptado por policía locales que lo agredieron, relata. "Este hecho no hace sino confirmar que el alcalde dio órdenes directas a la policía de ir con todos los medios contra la plataforma de afectad@s por las preferentes buscando así que dejemos de protestar, pero yo se que no lo dejaré", añade.

Vicente fue denunciado por llamar "gorila" a un guarda local. "Supongo que esto quedará en nada puesto que el fiscal ha pedido mi absolución. Yo sólo hable de los "gorilas que tiene el alcalde a su servicio" y a partir de ahí que piensen lo que quieran, pero quien mire en el diiccionario verá que "gorila" también alude a un guarda de seguridad, comenta. La acusación pide una multa por desacato de entre 200 y 2000 euros. También fue denunciado otro preferentista que se encuentra en tratamiento psicológico.

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-policia-municipal-de-tui-espanc>